

I CONCURSO FOTOGRÁFICO

-ROSA PONS FÁBREGAS-

VISIÓN DE PARADA DE SIL



Organizado por:



Concello de
Parada de Sil

Asociación Cultural
Ouro do Sil

Coa colaboración de:



ITALADI, S.L.

Descripción

O Concello de Parada de Sil convoca o **I Concurso Fotográfico -Rosa Pons Fábregas- Visións de Parada de Sil**, coa finalidade de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do Concello de Parada de Sil.

Bases

1. Participantes e número de fotografías.

Poderán participar todas as persoas que o desexen con independencia da súa nacionalidade. As fotografías solo poderán ser presentadas polos propios autores. Cada participante poderá presentar ata un máximo de 3 series de 2 fotografías. Estas pódense obter por calquera técnica, en branco e negro ou en cor, tomadas con cámaras dixitais ou con sistemas tradicionais de negativo, incluíndo o seu retoque de forma manual ou con programas informáticos. A serie, que lembramos é de 2 fotos, será sobre un “tema particular” a elección do concursante dentro do tema xeral. As obras serán inéditas e non se presentarían anteriormente a ningún concurso. A organización resérvase o dereito a reclamar o importe do premio por uso fraudulento e a tomar as medidas legais que sexan necesarias. Tamén a rexeitar previamente a concurso as series que non cumpran estas bases.

2. Temática.

As fotografías versarán sobre o tema **“Visións de Parada de Sil”**.

Abrangue todos os bens que conforman a integridade do Concello de Parada de Sil, tanto artísticos, como culturais, etnográficos, naturais, personaxes, etc. Quedando solo limitado ao territorio deste concello.



3. Presentación de fotografías.

As fotografías terán un tamaño de 20 x 25 cm. ou 18 x 24 cm. sen ningún tipo de enmarcado nin protección frontal.

Recoméndase que se entreguen adheridas sobre cartón-pluma ou similar da mesma medida que a foto e que non exceda de 5 mm. de espesor.

Obrigatoriamente entregaranse en CD-ROM cunha copia de cada fotografía en formato JPG ou TIFF superior a 300 dpi.

As series de fotografías entregaranse nun sobre ou envoltorio pechado de fácil apertura e peche posterior.

Ó dorso de cada fotografía farase constar o título da obra, a zona na que foi tomada e o número da foto (1/1, 1/2 - 2/1, 2/2 - 3/1, 3/2) se son máis de 1 serie.

Nun sobre anexo:

- No exterior do sobre: títulos das series.
- Dentro do sobre, aparecerá claramente: título de cada serie, nome e apelidos do autor, DNI ou pasaporte, endereço, teléfono, correo electrónico de contacto, zona na que foron tomadas as fotos ou datos que identifiquen a imaxe.

4. Envío.

As obras serán presentadas ou remitidas á **Casa do Concello de Parada de Sil**:

I Concurso Fotográfico -Rosa Pons Fábregas- Visións de Parada de Sil


Casa do Concello

Praza do Campo da Feira, 1

32740 Parada de Sil - Ourense

O concello non se responsabiliza dos danos ocasionados ou extravíos.

Enviaránse a portes pagados e con embalaxe reutilizable para asegurar a devolución da obra coas debidas garantías se o autor así solicítalo, correndo ao seu cargo os gastos.



5. Data límite de presentación.

A data límite de presentación será o 25 de xullo de 2008.

6. Xurado, fallo e entrega de premios.

A participación neste Concurso presupón a total aceptación das presentes bases.

O xurado elixido polo Concello de Parada de Sil e a Asociación Cultural Ouro do Sil fará público o seu fallo en Parada de Sil o día 4 de agosto de 2008. Comunicarase individualmente aos premiados. Este fallo será inapelable.

7. Premios.

Outorgárانse os seguintes premios:

- Primeiro premio: **700 €** á mellor serie.
- Segundo premio: **300 €** á mellor fotografía.

Para que o fallo sexa efectivo, os gañadores deberán aportar o negativo ou arquivo dixital en CD.

8. Propiedade das imaxes.

As obras premiadas pasarán a formar parte da Colección do Concello de Parada de Sil.

En calquera dos usos que o concello faga das mesmas, aparecerá mencionado o autor.

Durante o mes de agosto farase unha exposición e entregaráse o premio nas Festas Patronais de San Ramón os días 29, 30 e 31 de agosto. Previamente comunicarase aos autores premiados a data e hora de entrega.

9. Outros.

Máis Información:

www.paradadesil.com

www.ourodosilac.org

Tel. 616 51 62 38



De conformidade coas normativas afectas de protección de datos persoais, todos os datos suministrados pasaran a formar parte dun ficheiro automatizado responsabilidade da Asociación Cultural Ouro do Sil, coa finalidade de xestionar correctamente o concurso e cumplir coas finalidades específicas nas presentes bases. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición levarase a cabo conforme á normativa vixente.